

Instalación de drivers privados

- Ubuntu trata de configurar automáticamente, sen intervención do usuario, tódolos dispositivos do sistema: monitor, impresora, escáner, etc. Pero hai dispositivos que teñen drivers para Linux que non son software libre, senón que son privados. Neste caso é usuario que os ten que instalar explicitamente.
- Hai un caso moi típico de Driver privado, que é para as tarxetas gráficas nVidia.

Comprobar se se precisan controladores (drivers) adicionais

- Ir a **Preferencias do sistema**



Instalar driver privado

- Se o sistema precisa instalar un Driver Privado xa ofrece varias posibilidades e xeralmente soe indicar cal é o recomendado.



- Seleccionárase o desexado, no caso de que ghaxa algún driver privativo e premeríase en **Aplicar cambios**.
- Introducírase o contrasinal (abc123.)
- Descargárase o driver e instalárase

Problema coas tarxetas gráficas nVidia


- Hai veces en que Ubuntu non funciona correctamente coas tarxetas nVidia. Para resolver iso é preciso instalar o driver privativo correspondente, pero incluso o equipo chega a quedar colgado e non se pode instalar.
- Para resolver o problema hai que iniciar o equipo en modo recuperación
- Seleccionamos **Opcións avanzadas para Ubuntu** no menú de inicio.



- Escollemos a opción **Recovery mode**.



- E escoller a opción **failsafeX** do menú da seguinte imaxe.



- Indicamos, que si, que monte o sistema de ficheiros,

```
Continuar remontará o seu / sistema de ficheiros en modo
lectura/escritura y montará calquera outro sistema de ficheiros
definido en /etc/fstab.
Desexa continuar?
```

<Si>

<Non>

- Logo, éntrese no sistema como sempre e fanse os pasos anteriores de instalación de controladores privativos.
- Problema é que nas ultimas versións non sempre acaba entrando no contorno gráfico en modo seguro.
- Co cal se se ten o problema cunha tarxeta envía, podemos recomendar:
 - ◆ Premer CTRL+ALT+F1 e entramos nunha consola.
 - ◆ Introducir o usuario
 - ◆ Introducir o contrasinal do usuario (Non se vai amosar nada na pantalla cando se teclea).
 - ◆ Executar: **sudo ubuntu-drivers devices**
 - ◆ Pedirá o contrasinal do usuario. Non vai amosar nada en pantalla cando se teclea.
 - ◆ Cando ofrece información mirar cal é driver que recomenda, por exemplo o nvidia-304
 - ◆ Executar: **sudo apt-get install nvidia-304**
 - ◆ Reiniciar: **init 6**
 - ◆ Cruzar os dedos e ...